

Inmigración e prostitución nos contidos mediáticos. Unha análise diacrónica ao redor da construción da Outra na prensa galega e estatal

Ana Belén Puñal Rama¹

Recibido: 24 de marzo de 2016 / Aceptado: 20 de outubro de 2016

Resumo. As mulleres constrúense nos medios de comunicación como as Outras, fronte ao protagonismo do home branco, en cargos de poder e clase media alta como protagonista maioritario. Mais a esta discriminación de xénero únese, no caso das mulleres que exercen a prostitución, discriminacións de clase, e/ou relacionadas coa procedencia nacional, étnica ou racial, dado que prostitución e inmigración están, no Estado español e en Galicia, relacionadas de modo estreito. Os estudos sobre Comunicación e Xénero no Estado deixaron en segundo lugar a análise da intersección da discriminación de xénero con outro tipo de discriminacións. Neste traballo analizaremos a contribución da prensa á construción das mulleres que exercen a prostitución como as Outras das Outras. Os resultados foron obtidos en dúas investigacións, unha a nivel galego, e outra, froito da traslación do estudo galego ao contexto do Estado, baseadas na combinación da análise de contido e da análise crítica do discurso.

Palabras chave: Comunicación e xénero; prostitución; roles de xénero; discriminación sexual.

[es] Inmigración y prostitución en los contenidos mediáticos. Un análisis diacrónico alrededor de la construcción de la Otra en la prensa gallega y estatal

Resumen. Las mujeres se construyen en los medios como las Otras, frente al protagonismo del hombre blanco, en cargos de poder y clase media alta como protagonista mayoritario. Pero a esta discriminación de género se une, en el caso de las mujeres que ejercen la prostitución, discriminaciones de clase y/o relacionadas con el origen nacional, étnico o racial, dado que prostitución e inmigración son, en el Estado español y en Galicia, realidades estrechamente relacionadas. Los estudios sobre Comunicación y Género dejaron, en el Estado, en segundo lugar el análisis de la intersección de la discriminación de género con otro tipo de discriminaciones. En este trabajo analizaremos la contribución de la prensa a la construcción de las mujeres que ejercen la prostitución como las Otras de las Otras. Los resultados fueron obtenidos en dos investigaciones, una a nivel gallego, y otra resultado de la traslación del estudio gallego al contexto del Estado, basadas en la combinación del análisis de contenido y del análisis crítico del discurso.

Palabras clave: Comunicación y género; prostitución; roles de género; discriminación sexual.

[en] Immigration and Prostitution in Media Contents: a Diachronic Analysis around Building the “Other One” in Galician and Spanish Press

Abstract. In the media, women are treated as the “Other Ones”, when compared to the standing role of the upper-middle-class white man and his positions of influence. But when talking about woman involved in prostitution, this gender discrimination brings together class discrimination and/or discrimination related to nationality, ethnicity or race, since prostitution and immigration are closely related both in the Spanish state and in Galicia. Previous studies on Communication and Gender considered as secondary the analysis of the intersection of gender discrimination and other types of discrimination. This communication will analyse press contribution to the construction of women involved in prostitution as the “Other Ones of the Other Ones”. The results have been obtained in two investigations, one at Galician level and another one adapted from the first into the Spanish state, based on the combination of content analysis and critical discourse analysis.

Keywords: Gender and Communication; Prostitution; Gender Roles; Sex discrimination.

¹ Universidad Estatal de Milagro (Ecuador), Facultad de Ciencias Sociales.
E-mail: apunalr@unemi.edu.ec

Sumario. 1. Introducción. 2. Antecedentes. 3. A construción mediática das Outras. Marco teórico e estado da cuestión. 4. A representación da Outra nos contidos sobre prostitución na prensa galega. 4.1. A representación da prostitución nos contidos redaccionais. 4.2. A representación da prostitución nos anuncios de sexo de pago. 5. A representación da Outra nos contidos sobre prostitución nos medios estatais. 6. Conclusións. 7. Referencias bibliográficas.

Como citar: Puñal Rama, A. B. (2017): “Inmigración e prostitución nos contidos mediáticos. Unha análise diacrónica ao redor da construción da Outra na prensa galega e estatal”, *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos* 20 (Núm. especial), pp. 179-190.

1. Introducción

As cabeceiras galegas e estatais asumiron nos últimos anos a identificación maioritaria da prostitución coa trata e o tráfico de persoas con fins de explotación sexual como marco interpretativo dominante nos seus contidos mediáticos. Un marco interpretativo que deriva da influencia, no discurso xornalístico, do discurso político marcado polas políticas abolicionistas que asentán no I Plan Integral contra a Trata de Persoas con Fins de Explotación Sexual (2008-2012) –con continuidade na segunda edición do plan (2015-2018)– e nas conclusións do informe da Comisión Mixta Congreso Senado sobre a Situación da Prostitución en España, de 2007.

Este traballo analiza a construción da prostituta como a Outra na prensa galega e estatal. Faino no contexto de dous proxectos de investigación sobre a representación da prostitución nos medios, un no ámbito galego, sobre datos de 2009, e outro, posterior, que traslada a metodoloxía do estudo galego ao estado e estende os seus obxectivos no espacial e no temporal, cunha análise diacrónica dende o 1977 ate a década actual.

2. Antecedentes

Os antecedentes deste traballo de investigación sobre a representación da prostitución nos medios están no grupo CIDACOM da Universidade de Santiago de Compostela, que inicia os seus esforzos na liña de investigación en Comunicación e Xénero nos primeiros anos do actual milenio. Neses momentos iniciais, o CIDACOM focaliza a súa atención na representación da violencia de xénero nos medios de comunicación galegos. Os froitos veranse nas investigacións “O tratamento da violencia

de xénero nos medios galegos” (2007) e “Análise lonxitudinal da violencia de xénero nos medios de comunicación galegos” (2008).

Neses traballos conclúese que o concepto “violencia de xénero” aparece, nos medios galegos, fundamentalmente ligado ás agresións graves e/ou con resultado de morte que teñen lugar no ámbito da parella, ao contrario do que importantes organismos internacionais, tal é o caso da ONU, identifican con violencia contra as mulleres como problemática multifacética que vai alén do maltrato en exclusiva físico, do espazo privado e das relacións de parella. Insiste o CIDACOM, e así o amosa na definición conceptual de violencia de xénero da que parte nas súas investigacións, que esta é unha realidade diversa con faces múltiples como as violacións, as agresións e o acoso sexual, a violencia psicolóxica, a violencia contra os nenos, a violencia no eido da prostitución ou a trata e o tráfico de mulleres con fins de explotación sexual.

Xorde a partir de aí unha nova liña de investigación do CIDACOM, centrada nesta ocasión na representación da prostitución. Contextualízase neses primeiros momentos a prostitución no ámbito da violencia de xénero, con base en dous argumentos: 1) a prostitución forzada, ligada á trata e tráfico de persoas con fins de explotación sexual, e vulneradora dos dereitos humanos das mulleres, e 2) a violencia simbólica na que se contextualiza o feito de que se relegue ás mulleres a un rol historicamente estigmatizado que se estende, alén as persoas que obteñen diñeiro a cambio de manter relacións sexuais cun pagador, a todas aquelas mulleres cunha actitude sexual activa que non se cinguen aos patróns convencionais patriarcais para as relacións sexuais e de parella (Puñal Rama 2015). Dese modo, a seguinte investigación do CIDACOM, que se desenvolverá en parcería co Observatorio de Medios do Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia, centrarase na representación da prostitución nos medios de comunicación galegos, tanto nos xornais diarios que entón se podían encontrar nos quioscos como na radio e na televisión pública galegas. Finalizarase en 2010 co título “A representación da prostitución nos medios de comunicación galegos”.

A análise das representacións mediáticas da prostitución trasládase, no CIDACOM, dos medios galegos aos estatais de man da tese “Presenza e ausencia das mulleres na prensa.

Análise do tratamento da prostitución en *El País* e *ABC*” (*Ibid.*) e do proxecto de investigación Promediar (“Prostitución e medios de comunicación. Análise e recepción”), subvencionado polo Instituto de la Mujer.

Parten ambas as dúas investigacións dunha carencia detectada nos estudos en Comunicación e Xénero no Estado. Malia ao seu incremento cuantitativo na primeira década do presente século observamos, porén, carencias á hora de cruzar a variábel xénero con outras variábeis afectadas pola discriminación, como a procedencia nacional, a etnia, a orientación sexual ou a clase social (*Ibid.* 163). Tales conclusións revelaron a necesidade de ir alén a análise das representacións mediáticas das mulleres españolas, brancas, de clase media ou media-alta, alén tamén das nadas como mulleres, incluíndo a realidade trans daquelas que se definen como tales como tales mesmo non naceren baixo a categoría sexual ‘muller’.

3. A construción mediática das Outras. Marco teórico e estado da cuestión

Os medios de comunicación constrúen as mulleres como as Outras fronte a ese Nós protagonista que, en verbas de Amparo Moreno, constitúe o arquetipo viril masculino conformado por “varóns adultos dos grupos dominantes que representan papeis sociais vinculados ao exercicio do poder” (Moreno Sardá 1998: 32).

Mais, dentro das “Outras”, tamén existen diferentes escalas de discriminación. No caso das mulleres que exercen a prostitución, á discriminación de xénero únense aquelas determinadas pola procedencia étnica, a nacionalidade (a condición de ‘inmigrante’), a clase social ou a construción transxenérica, agudizadas pola marca indelével que o estigma supón, no sentido en que Goffman (1963) o entende, como atributo profundamente desacreditado que relega a persoa ao ostracismo social². Son as Outras das Outras, empregadas para reafirmar, como oposto, o “nosoutras”: as mulleres brancas, nacionais, de clases non marxinais e

inscritas en comportamentos considerados socialmente aceptábeis (Puñal Rama 2015: 168).

Varias investigacións sobre prostitución e medios na literatura anglófona así o reafirman. A análise da estigmatización da Outra como prostituta e estranxeira ou non branca está presente en traballos como os de Pitman (2002), Janzen *et al.* (2011), Fong, Holroyd e Wong (2013) e Stenvoll (2002). Pitman (2002) e Janzen *et al.* (2011) amósano na análise da representación das prostitutas indíxenas na prensa canadiana. Fong, Holroyd e Wong (2013) fan o mesmo no caso das mulleres chinesas que se prostitúen en Hong Kong, ao igual que acontece co traballo de Stenvoll (2002) referido á prostitución de mulleres rusas en Noruega. No caso da prensa española e galega, os estudos amosan que as mulleres inmigrantes son invisíbeis como protagonistas dun proxecto migratorio autónomo, o que destaca coa súa sobrerrepresentación mediática como prostitutas (Pérez Wolfram 2003, Aierbe 2008, Masanet Ripoll e Ripoll Arcacia 2008, Castagnani e Colorado 2009) e/ou vítimas de homes, polo xeral tamén inmigrantes ou estranxeiros, que reforzan o estereotipo do Outro, identificado agora como o colectivo inmigrante, como ameaza.

En relación con ese medo ao Outro aparece o concepto de “pánico moral” presente en varios dos traballos atopados na revisión bibliográfica na literatura anglófona ao redor da representación mediática da prostitución (Doezema 2000, Soderlund 2002, Stauter-Halsted 2009). O pánico moral vén suscitado polo que se percibe como ameaza ao “Nós”, que pode arraigar en varios medos: o sentimento de ameaza aos preceptos morais que guían ese “Nós” (a consideración da prostitución, fundamentalmente a de rúa pola súa visibilidade, como un exemplo negativo para a sociedade); á idea de orde e convivencia cívica (presente, por exemplo, nas informacións que abondan no conflito entre a prostitución de rúa e a veciñanza); á integridade física (a prostituta como ameaza á saúde, tal e como aconteceu nos 80 coa crise da SIDA); ao Nós entendido como

² Segundo Goffman, “The term stigma, then will be used to refer to an attribute that is deeply discrediting, but it should be seen that a language of relationships, not attributes, is really needed. An attribute that stigmatizes one type of possessor can confirm the usualness of another, and therefore is neither creditable nor discreditable as a thing in itself” (Goffman 1963: 3).

colectivo nacional ou de clase (a inmigración como ameaza) e mesmo á construción subxectiva do “eu”, en oposición ao que se considera “abxecto”³.

A prostituta é, nos contidos mediáticos, a “Outra” dende perspectivas múltiples: fronte ao Nós masculino protagonista da información; como inmigrantes fronte ao Nós como colectivo das persoas con nacionalidade española e/ou orixe galega; e como mulleres de conduta considerada socialmente como non exemplar fronte ao estereotipo de muller sancionado como positivo segundo as construcións tradicionais de xénero.

4. A representación da prostitución na prensa galega

4.1. A representación da prostitución nos contidos redaccionais

Como esa Outra que é a prostituta é representada nos medios galegos? Procurámoslle resposta á pregunta cunha investigación en 2010, a primeira ao respecto realizada dende o CIDACOM, pioneira no eido estatal, que reparou tanto na cobertura informativa como na análise dos anuncios de sexo de pago. Fixémolo así ao termos constancia dunha dobre contradición. Por unha banda, o contraste entre o escaso peso da prostitución na axenda informativa diaria e a súa constante presenza na sección de anuncios por palabras. Por outra, e tal e como teñen posto de manifesto as forzas e corpos de seguridade do estado, o feito de denunciar nos seus contidos xornalísticos a trata e o tráfico de seres humanos con fins de explotación sexual, ao mesmo tempo que lles dan soporte publicitario ás mafias que as sustentan⁴.

A investigación fundamentouse na combinación da análise de contido e do discurso. A análise de contido aplicouse a todas aquelas pezas informativas ou de opinión nas que

a prostitución aparecera como tema principal, secundario ou mencionado, difundidas nalgún dos 14 xornais diarios que entón se publicaban en Galicia ou nos informativos de mediodía da TVG en decembro de 2009, así como a todos os anuncios de sexo de pago inseridos na sección de anuncios por palabras das cabeceiras galegas nun día concreto, o sábado, 16 de decembro de 2009. A análise do discurso centrouse na cobertura informativa de dous casos que acadaron relevancia na axenda mediática: a detención dunha rede de explotación sexual na Coruña en marzo de 2009 e o conflito veciñal pola prostitución de rúa na Boquería. Esta metodoloxía tamén foi aplicada aos anuncios de sexo de pago publicados na xornada mencionada.

As conclusións do traballo confirmaron o escaso peso da prostitución na axenda diaria dos medios galegos así como a súa abordaxe dende unha cobertura superficial e focalizada no suceso ou no morbo e a frivolidade. Ao longo dun mes e no conxunto de 15 medios analizados, localizamos 123 pezas (incluíndo tanto información como opinión e mesmo humor gráfico), unha media de 8,2 pezas ao mes e de 0,26 ao día por cabeceira. No 44% delas, a prostitución constituía o tema central. No resto aparecía mencionada ou como tema secundario. Os contidos analizados devalaban entre a crónica negra e a crónica rosa, dende as relacións con prostitutas do golfista Tiger Woods ou do ex primeiro ministro italiano, Silvio Berlusconi até a Operación Carioca, operativo policial e macroxudicial con foco en escenarios da prostitución lucenses.

Os datos desvelan que os medios non reflicten a complexidade da prostitución. Nas informacións, a prostituta aparece: a) como vítima (de redes de trata ou tráfico), con especial énfase na ‘vítima perfecta’⁵; b) como

³ Entendo aquí o abxecto tal e como o comprenden Janzen *et al.* (2011), en base ao pensamento de Butler e Kristeva ao respecto. Para Kristeva, partindo das teorías lacanianas, a abxccción sería un “proceso psicanalítico fundamental na comprensión da conformación do eu e da separación da nai na máis tenra infancia, o que nos achega ás experiencias afectivas indescribíbles pero inquebrantables que dende a nenez aprendemos a rexeitar, e que rematan por alimentan o odio, o medo e a exclusión” (Puñal Rama 2015: 166). O abxecto, pois, forma parte de nós, por moito que intentemos externalizalo e obxectualizalo no Outro. Mediante o rexeitamento a ese Outro, configuramos a nosa identidade normalizada.

⁴ En xullo de 2010, a Policía desmantelaba en Madrid unha rede de prostitución que copaba o 50% dos anuncios de sexo de pago dos principais xornais madrileños.

⁵ Adoptamos as características desa ‘vítima perfecta’ ás que se refiren David Casado Neira e Silvia Pérez Freire (2015: 35 e 36): illada, sen posibilidades de escapar, liberada pola policía e colaborativa con ela.

mulleres de vida alegre (nas seccións próximas á prensa rosa); ou c) criminalizadas. Esta criminalización obsérvase nos conflitos veciñais nos que son tratadas como males a eliminar da rúa, como obxecto das políticas locais regulamentistas (que multan á persoa que se prostitúe e/ou ao cliente) ou das redadas en locais de prostitución (nas que as mulleres poden ser sancionadas pola súa situación administrativa irregular no Estado). Neste contexto se explica que a trata e /ou o tráfico de persoas con fins de explotación sexual estean presentes no 38% das pezas analizadas, mentres que os sucesos enchoupan o 26% e os xuízos, o 27%.

Non se adoita explicar nos medios que a prostitución non é só forzada, que tamén pode ser voluntaria. Non se ten en conta que, mesmo na prostitución forzada, o perfil non se corresponde sempre ao da 'víctima perfecta'. As mulleres non necesariamente teñen que sentirse vítimas, aínda que sufran condicións de explotación, porque a prostitución é a saída que elixen para mellorar a súa condición de vida e a das súas familias. Non se explica que pasa coas mulleres presuntamente liberadas despois das operacións contra as redes de trata e tráfico. O I Plan Integral contra a Trata de Persoas con Fins de Explotación Sexual (2008-2012) déixáballes un período de reflexión de ás mulleres para decidir se colaboran coa xustiza e forman parte do proceso contra as mafias como testigo protexido e a última reforma da lei de estranxeiría, de finais de 2009, dáballes a posibilidade de obter permiso de residencia e de traballo. Mais non se chegaba a indicar, nos medios analizados, que pasaba con elas se non chegaban a denunciar.

As persoas que exercen a prostitución son o vértice máis visíbel dun triángulo que non existiría sen proxenetas e compradores de sexo. As persoas que se prostitúen supoñen o 26% do total de actores que están presentes nas pezas analizadas, fronte ao 11% no caso dos compradores de sexo e o 16% no que a proxenetas se refire. Canto aos compradores de sexo, o home do común que acode ao sexo de pago non adoita estar presente nos contidos mediáticos, a non ser que deles se fale de maneira distanciada en informes e estudos presentados dende as institucións ou dende as asociacións. No que ás redes se refire, a imaxe mediática quédase nas xeneralidades achegadas polas notas policiais. Aparecen pois como entes abstractos, non como rostros concretos. Para ensinarlles

as caras sería preciso ou un sistema xudicial que evitase os subterfuxios empregados polos responsábeis das mafias para librarse da actuación policial e/ou xornalismo de investigación que, para o caso da explotación sexual e a trata e o tráfico de persoas, non existe nos medios galegos, ao contrario do que acontece, porén, co narcotráfico, sobre a que si ten xerado nos medios galegos xornalistas especializados.

A prostitución á que fan referencia os medios de comunicación galegos é, fundamentalmente, a exercida por mulleres. É así no 56% das pezas analizadas, fronte a un 4% de pezas sobre prostitución masculina e un 3% de pezas sobre prostitución transxénero. Mesmo naquelas pezas nas que non se fala de prostitución en xeral, sen indicar o xénero de quen a exerce (o 36% do total de unidades analizadas) poderíase deducir que se está a falar de prostitución feminina, dado que é a maioritaria no contexto galego e dado que a maioría das unidades redaccionais refírense, ademais, á prostitución de club, onde adoita estar excluída a prostitución transxénero e masculina.

A prostitución de club fai parte do 54% das pezas analizadas, unha presenza moi superior á de piso (9%) ou á de rúa ou de barrio (12%). Explicao o feito de que este sexa o espazo por excelencia, nese ano 2009, das operacións policiais, tal e como se dá a ver nas novas dos medios. É un tipo de prostitución visíbel, accesíbel polo tanto á vixilancia policial (fronte á discreción dos pisos nos que, para entrar se require orde xudicial por tratarse de domicilios particulares), e é tamén unha prostitución en auge, fronte á decadencia da prostitución de rúa e de barrio. Sobrerrepresentada está, porén, a prostitución de luxo (22%), malia a ser unha das modalidades máis minoritarias da prostitución en Galicia, o que ten que ver co morbo asociado ao rol exercido por persoeiros famosos como compradores de sexo de pago.

O xénero predominante nos medios galegos analizados é a noticia (o 70% sobre o total de unidades de análise), o que dá conta da práctica dun xornalismo de carácter fundamentalmente informativo, que fica nos elementos noticiábeis básicos, sen entrar na comprensión da problemática, na explicación dos porqués, das causas, das consecuencias e o contexto, características básicas que conceptualizan o xornalismo interpretativo. As informacións fican no momento da detención policial ou na protesta veciñal, mais non reparan nas causa nin nas

consecuencias desa acción. En consonancia, as fontes son na súa maioría institucionais (case o 35% do total das fontes), sobre todo de carácter goberamental, policial ou legal, e polo tanto, en boa medida inducidas.

O medio vai a remolque do que a nota policial dite, dos actos de carácter institucional ou dos procedementos xudiciais. Non adoita actuar con iniciativa propia. Isto fai que boa parte das novas actúen de correa de transmisión da información achegada por iniciativa das fontes. Menor é a presenza asociativa (cando conseguen presenza nos medios adoita ser por iniciativa da fonte, en xornadas, congresos ou presentación de informes que contan na súa maior parte con apoio ou participación institucional). As fontes feministas están practicamente ausentes. É contado tamén o recurso a fontes expertas. Fronte ás fontes institucionais, que se inclúen no 68% das pezas analizadas, ás asociativas acódese no 14% e ás expertas no 13%.

4.2. A representación da prostitución nos anuncios de sexo de pago

Todos os xornais galegos, agás o xa desaparecido *Xornal de Galicia*, publicaban, nese ano, anuncios de sexo de pago. Foi nos xornais de maior difusión en Galicia –*La Voz de Galicia* e *Faro de Vigo*– onde a publicación de anuncios de sexo de pago resultou máis abundosa. Entre os dous copaban naquel momento máis da metade dos anuncios de sexo de pago publicados pola prensa escrita galega (o 32% sobre o total dos medios galegos no caso de *La Voz de Galicia* e o 22,6% no de *Faro de Vigo*). Séguenlles as principais cabeceiras do interior de Galicia –*La Región*, co 10,75, e *El Progreso*, co 11,25%. Canta maior é a difusión, maior é tamén a presenza dos anuncios de sexo de pago nas súas páxinas.

A maior parte das persoas que ofrecen ou das que se ofrecen servizos sexuais son mulleres (no 84% dos casos). Menor é a oferta que parte de mulleres transxénero (no 9%) e de homes (no 6%). As características que máis se destacan nos anuncios de sexo de pago son os atributos corporais (en máis da metade), a oferta de prácticas sexuais específicas (no 26,8%) e a xuventude (no 20,7%). No 12% dos anuncios alúdese a prácticas sexuais de risco. Ademais dos calidades físicas e da concreción da práctica ofertada, boa parte dos anuncios inciden en cuestións ligadas ao prezo (polo xeral

cando se trata de ofertas ou prezos baixos) e na dispoñibilidade espazo-temporal. Nun 14% dos casos destácase o feito de atenderen as 24 horas do día. Tamén nun 14% se inclúen saídas, é dicir, a posibilidade de trasladarse a un lugar acordado co cliente fora do espazo do bordel. A submisión tamén é subliñada como característica no 14% das pezas analizadas.

Os estereotipos de xénero maniféstanse no tipo de características ofertadas segundo falemos de mulleres, homes ou mulleres transxénero. A non profesionalidade –calidade que se destaca nun 8,85 dos anuncios de prostitución feminina asociada ben á inocencia, ben ao morbo– non se inclúe nos anuncios de homes ou mulleres transxénero. E o mesmo acontece coa madurez que, no imaxinario masculino, se asocia ao arquetipo ligado á figura maternal. Así mesmo, o cariño como valor vendíbel está máis presente nos anuncios de prostitución feminina (17% dos mesmos) ca nos de prostitución masculina (7,55) ou nos de prostitución de mulleres transxénero (1,75%).

No discurso presente nos anuncios de sexo de pago conflúen valores patriarcais, pornográficos e mercantilistas. Patriarcais, canto que explotan os estereotipos de xénero tradicionais: muller obxecto e/ou submisiva, ou mesmo responsábel da satisfacción das necesidades non só sexuais senón tamén afectivas dos homes. Pornográficos, na medida en que se fai relación explícita e pormenorizada de gran variedade de prácticas sexuais, nas que o risco é presentado como un plus na oferta, e marcadas ademais por unha visión androcéntrica do sexo, tanto pola súa concepción fundamentalmente xenital, como pola concepción das mulleres como obxectos proporcionadores de pracer para os homes. E mercantilistas, pois neles é explícito o afán por diferenciarse fronte á competencia, destacando para iso factores como a renovación da mercadoría, as ofertas en prezos ou a diversidade de atributos físicos e prácticas sexuais.

5. A representación da Outra nos contidos sobre prostitución nos medios estatais

Os resultados obtidos abriron novas preguntas de investigación. Até que punto o discurso mediático está influenciado polo discurso oficial? Nos medios galegos observábase un predominio do discurso abolicionista, presente na identificación da prostitución fundamentalmente como prostitución forzada, como trata

e tráfico de seres humanos con fins de explotación sexual, sen apenas darlle cabida á prostitución voluntaria. Acontecía o mesmo nos medios estatais? Acontecera o mesmo noutros contextos políticos anteriores? A investigación fora feita nun contexto político determinado, co PSOE no goberno estatal amosando unha aposta clara por unha política de carácter abolicionista que contaba coa aprobación do PP, apoio que amosou, en marzo de 2007, na aprobación das conclusións do Informe da ponencia sobre a prostitución en España. Desas interrogantes naceu o proxecto Promediar, cuxos primeiros resultados foron deitados pola tese doutoral defendida por quen este artigo escribe en maio de 2015, ao redor da representación da prostitución en *El País* e *ABC*. Aproveitouse, tanto para a realización da tese como da investigación para o proxecto, a experiencia metodolóxica obtida no traballo sobre a representación da prostitución nos medios galegos: a combinación de análise de contido (que me permitiu na tese a obtención de resultados cuantitativos) e de análise de discurso (coa que puíden afondar na observación cualitativa do texto en relación co contexto).

A tese, cuxos contidos adiantarei para esta análise da prostituta como a Outra, botou man, pois, dos métodos mixtos de investigación para mesturar unha metodoloxía específica da análise de contido (a análise hemerográfica diacrónica deseñada polo Feminario Muller e Medios de Comunicación de Masas da Universitat Autònoma de Barcelona), cun deseño metodolóxico de análise do discurso baseado en Van Dijk e Bonet i Martí (Puñal Rama 2015). A diferenza foi que, neste caso, a análise do

discurso se aplicou a todas as unidades redaccionais analizadas.

Para responder á primeira das preguntas (ao redor da influencia do discurso abolicionista nos medios estatais), analicei dous xornais estatais, *El País* e *ABC*. Para responder á segunda (sobre a influencia do discurso político no mediático) optei por realizar unha análise diacrónica, dende o 1977 até o 2012, que me permitira ver a evolución dos discursos ao redor da prostitución neses dous medios e en que medida estaban influenciados polo discurso oficial do momento. Optei por elaborar unha mostra conformada por todos os contidos publicados sobre prostitución nestes dous xornais nos anos 1977, 1987, 1997, 2007 e 2012, co fin de determinar a evolución diacrónica.

Os datos da tese amosan que a prostitución pasa, de estar case por completo ausente da axenda mediática no primeiro dos anos analizados, o 1977, a ter unha presenza maior e máis estábel na axenda mediática dende finais dos anos 90. Esta maior presenza está condicionada polo incrementada atención prestada pola axenda política. En especial, a principios do século XXI, as políticas abolicionistas no ámbito estatal, as políticas regulamentistas contra a prostitución de rúa no contexto local e as actuacións policiais contra a trata e o tráfico con fins de explotación sexual que reforzan o discurso da muller que se prostitúe e/ou é prostituída como vítima. Todo iso co marco de fondo das políticas de estranxeiría, que perseguen ás persoas en situación administrativa irregular, nun contexto político social no que o Estado español é destino de inmigración e a prostitución se constitúe como saída laboral para mulleres inmigrantes.

Xornal	1977	%	1987	%	1997	%	2007	%	2012	%	Total
<i>ABC</i>	18	3,31	136	25	180	33,09	126	23,16	84	15,44	544
<i>El País</i>	19	4,60	75	18,16	117	28,33	143	34,62	59	14,29	413

Cadro 1. Número de pezas publicadas en *El País* e *ABC* sobre prostitución (Elaboración propia. Fonte: Diarios *El País* e *ABC*)

Como se pode observar no cadro 1, os anos con máis pezas publicadas tanto en *El País* como en *ABC* coinciden con medidas políticas con repercusión importante no contexto da prostitución. A recuperación do concepto de corrupción de menores no Código Penal reformulado polo PP en 1997 coincide co ano en que *ABC*, xornal de ideoloxía afín, publica

máis sobre prostitución, con especial atención á prostitución de menores. Do mesmo modo, *El País* préstalle máis atención á prostitución cando, por parte dun goberno socialista afín, se lle dá entrada ao debate sobre a situación político legal da mesma. Acontece, neste caso, en 2007, co debate nas Cortes do Informe de la Ponencia sobre la situación actual de la prostitución en

nuestro país e a preparación do I Plan contra a trata de persoas con fins de explotación sexual. Aínda así, mesmo nos anos con máis información publicada ao respecto, a media por día non sobrepasa as 0,4 pezas en 2007 en *El País*, e as 0,5 pezas en 1997 en *ABC*.

No primeiro dos anos analizados, o 1977, a prostitución non é tida en consideración nunha axenda política centrada no proceso de Transición, nin tampouco na axenda mediática. A invisibilización a que fora suxeita na ditadura (a Lei sobre Perigosidade e Rehabilitación Social castigaba o exercicio da prostitución mesmo con privación de liberdade e a reclusión en centros especiais) reflíctese na súa escasa visibilidade mediática naquel entón.

Dez anos despois, a presenza da prostitución na prensa aumenta de modo considerábel, non pola influencia da axenda política, senón pola crise da SIDA. Non é a axenda política a que leva a iniciativa neste caso, senón a mediática. Os medios contribúen ao estado de alarma social, fronte ao cal o estamento político reacciona con medidas puntuais, en especial, propostas de regulamentación e zonificación que atenden ás protestas veciñais, e que avogan por apartar o exercicio da prostitución a determinados espazos nos que poidan entrar en colisión coa veciñanza e afastalo así da visibilidade da rúa e dos espazos públicos.

É en 1997 cando, por primeira vez, observamos que a prostitución forma parte da axenda política, coa súa consecuente presenza na mediática. O detonante, neste caso, é o Código Penal aprobado en 1995 nos últimos meses do goberno socialista presidido por Felipe González. A nova normativa afecta de modo directo á prostitución, pois o proxenetismo é despenalizado a non ser naqueles casos nos que concorran prostitución de menores, de persoas incapacitadas ou prostitución forzada. Porén, non é este cambio, que supón unha importante viraxe na concepción abolicionista que até ese momento dominara, o que consegue ter visibilidade mediática, senón outra modificación que afecta a un tipo específico de prostitución, a de menores. No Código Penal de 1995 desaparece a figura da corrupción de menores, que o goberno do PP pretende, e finalmente consegue, recuperar en 1997. Tal aprobación vai precedida dunha forte atención mediática a diversos casos de prostitución de menores, como por exemplo, o coñecido Caso Arny ou a descuberta en Barcelona dunha rede de pederastia.

Xa en 2007, a prostitución entra de maneira frontal, e non secundaria, como acontecera dez anos atrás, no debate político. O goberno estatal pon sobre da mesa o debate político-legal, do que é resultado o informe da Comisión Mixta Congreso Senado sobre a Situación da Prostitución en España, cuxas conclusións se decantan explicitamente polo abolicionismo. O discurso oficial do goberno optará por centrarse na loita contra a trata e o tráfico de persoas con fins de explotación sexual, que verá incrementada a súa presenza nos medios analizados nos últimos anos da mostra.

En *ABC*, mentres en 1997, a trata e o tráfico de persoas con fins de explotación sexual está presente no 5% das unidades redaccionais, en 2007 ascende ao 9,9%, e en 2012 ao 18,3%. A trata de seres humanos con fins de explotación sexual é abordada como tema en *El País* no 9,2% dos casos en 2007 e no 14,3% en 2012, fronte ao 7,2 en 1997. A influencia do político no mediático compróbase nos dous xornais ao vermos que é precisamente o 2007 o ano con máis presenza do debate político legal. En *El País*, a presenza do debate político legal como tema incrementase do 9,2% en 1997 ao 23,7% en 2007 e, descende ao 17,6% en 2012, cando xa o abolicionismo se asenta nos medios, sen ser xa case obxecto de discusión no eido das políticas estatais. Igual tendencia se observa en *ABC*: fronte ao 10,7% do total en 1997, o debate político-legal supón en *ABC* o 15,5% en 2007, e descende ao 9,9% en 2012.

O perfil da persoa que exerce a prostitución coincide cos resultados do estudo galego: maioritariamente muller (ver cadros 2 e 3) e estranxeira.

A condición de estranxeira, e mais en concreto, de inmigrante, reforza a construción da prostituta como a Outra. Tanto en *El País* como en *ABC* queda patente o triángulo: 1) A Outra, como muller vítima prostituta inmigrante; 2) O Nós, representado pola policía e a garda civil españolas que aparecen como 'liberadoras' das mulleres vítimas da explotación sexual; e 3) o Outro, representado polo home estranxeiro proxeneta e vinculado a mafias e redes de trata e tráfico de mulleres con fins de explotación sexual. Os extractos da mostra analizada que seguen dan conta do dito.

Liberada en Almería una joven secuestrada en Rumanía y obligada a ejercer la prostitución. (*ABC* 15/7/2007)

Se hacían llamar la “Brigada Negra”, por el color algo oscuro de su piel; de hecho, son rumanos gitanos de la zona de Buciumeni, Tecuci y Galati. (Hidalgo 2012, *ABC* 23/7)

A construción da prostituta como a Outra está en relación co reforzo mediático do estigma que observamos nos contidos analizados. O estigma da prostituta asenta nos seguintes piares, que constitúen ítems temáticos recorrentes na abordaxe mediática da prostitución: a) a vinculación da prostitución co mundo do delito; b) a presentación da prostituta como transmisora de enfermidades; c) a etiqueta da prostitución como vicio; d) como degradación moral; e) a relación da prostitución coa degradación urbana e cívica, e f) a representación da prostituta como vítima, de modo especial nos últimos anos da mostra, en relación co discurso asociado á loita contra a trata e o tráfico de persoas con fins de explotación sexual. Ademais, ao estigma de “prostituta” superpóñense outros estigmas, como os que arrastran, ante ese Nón “normalizado”, as persoas migradas, as vinculadas a determinadas etnias como a xitana, aquelas que sofren unha drogodependencia, ou

as desvalorizacións que teñen que ver con outras categorías como clase social ou de xénero.

A construción mediática do estigma non segue os mesmos parámetros en *El País* e en *ABC*, o que ten que ver coas diferentes ideoloxías de partida. O estigma de prostituta constrúese en *ABC*, fundamentalmente nos primeiros anos analizados, ao redor da dicotomía “boa muller”-“mala muller”, articulado ao redor da valoración en positivo da castidade da muller solteira e, no seu defecto, na redención como nai da muller casada. Isto está presente en *ABC* cando vincula a liberdade sexual á relaxación moral, ou en pezas nas que se identifica á prostituta cun mal exemplo a seguir.

Sabido es que la ilusión del hombre es encontrar una mujer que no haya dado ningún traspies íntimo y que tenga temperamento de patinadora. Ante el espectáculo de determinadas salas de justicia se puede pensar que en ellashay que buscar aquel ideal remoto. (Barra 1987, *ABC* 18/1)

Nas décadas dos 70 e dos 80 observamos en *ABC* unha identificación da prostitución como vicio que non se detecta en *El País*. Pola

Xénero	1977	%	1987	%	1997	%	2007	%	2012	%	Total	%
home	2	7,4	8	4,2	80	29,9	13	5,8	11	5,2	114	12,4
muller	22	81,5	150	78,9	150	56,0	200	88,9	191	90,1	716	77,7
muller transxénero	3	11,1	24	12,6	11	4,1	6	2,7	6	2,8	46	5,0
non se especifica			8	4,2	27	10,1	6	2,7	4	1,9	46	5,0

Cadro 2. Persoas que exercen a prostitución segundo o xénero en *ABC*
(Elaboración propia. Fonte: Diarios *El País* e *ABC*)

Xénero	1977	%	1987	%	1997	%	2007	%	2012	%	Total	%
home	2	6,3	9	6,1	76	35,2	10	3,6	11	8,3	108	14,1
muller	28	87,5	117	79,6	114	52,8	246	89,8	117	88,0	622	81,4
muller transxénero	2	6,3	13	8,8	6	2,8	10	3,6	2	1,5	33	4,3
home transxénero	1						1	100			1	0,1
non se especifica		-	8	5,4	20	9,3	8	2,9	3	2,3	39	5,1
	33	100,0	147	100,0	216	100,0	275	100,0	133	100,0	764	100,0

Cadro 3. Persoas que exercen a prostitución segundo o xénero en *El País*
(Elaboración propia. Fonte: Diarios *El País* e *ABC*)

contra, *El País* denunciará a hipocrisía social que condena a quen exerce a prostitución ao mesmo tempo que dela se vale, e defende de maneira explícita o valor da liberdade sexual. Un valor, este último, que *ABC* considera perigoso para a preservación moral da sociedade.

El tema que hoy trata el magistrado juez de Peligrosidad Social, don Manuel Rico Lara, es el de la prostitución, así como el de la actuación, condenada por todos, de los que explotan este vicio. (González 1977, *ABC* 21/5)

Ulla nos cuenta en su libro (que, claro, no es una maravilla literaria ni sociológica, ni siquiera narrativa) algo que está dentro de ella y de todas sus compañeras: el desprecio social. La presión a que están sometidas simplemente porque *la otra sociedad, la hipócrita*, la que sabe que existen, la que las utiliza, y que no se lo cree, lo ordena. (*El País* 27/2/1977)

ABC insistirá, nos 80, no estigma da persoa que se prostitúe como ameaza sanitaria –estamos en pleno apoxeo da crise da SIDA– con especial fincapé na denuncia da prostitución de persoas transxénero, a quen cualifican de “travestidos”. Pola contra, *El País* intentará deconstruír tal estigma abondando na responsabilidade do comprador de sexo na utilización de medidas de prevención no intercambio sexual e mesmo poñendo en cuestión que as persoas que se prostitúen sexan factores de transmisión do virus.

Estos padres de familia le expusieron la preocupación por el contagio de SIDA y hepatitis B que corre la población infantil en la zona de la calle Vitrubio, debido al posible contagio infantil con jerguillas, preservativos y otros detritus que habitualmente deja la prostitución de travestidos en aquella zona y en el interior de determinados colegios allí ubicados. (*ABC* 17/4/1987)

Los clientes desechan los preservativos y prefieren pagar una suma extra por un coito sin condón, de acuerdo con las declaraciones del asistente social Olle Karlsson, del grupo de la administración social que atiende el problema de las prostitutas. No tienen en cuenta que entre el 10% y el 15% de las prostitutas que frecuentan las calles céntricas de Estocolmo y que las autoridades estiman en unas 200, son portadoras del virus. (Moreno 1987, *El País* 3/8)

Porén, a análise do discurso desvela un paralelismo na evolución da construción do estigma en ambas as dúas cabeceiras. A medida que se fai hexemónica a representación da

muller que exerce a prostitución como vítima, o que se observa de modo claro en 2012, unha vez asenta na axenda mediática o discurso que identifica prostitución fundamentalmente con trata e prostitución forzada, quedan desprazados os outros estigmas. Mesmo varía o discurso criminalizador co que institucións e veciñanza se referían en anos anteriores a quen exercía a prostitución na rúa, e que tiña especial forza en *ABC*. Agora, a persoa que exerce a prostitución pasa de ser delincuente ou potencial delincuente a ser abordada como vítima fronte á que se adopta unha actitude paternalista, ao decidir por ela que o mellor para ela é a eliminación da prostitución na rúa. A loita contra a trata e o tráfico de persoas con fins de explotación sexual, base do discurso abolicionista (no cal a prostituta é vítima, e polo tanto non é a ela a quen se castiga, senón á contorna que favorece a prostitución, proxenetas ou mesmo clientes), pasa a ser así utilizado e fagocitado polo discurso regulacionista-prohibicionista das políticas locais que pretenden eliminar a prostitución da rúa e multan e sancionan a quen exerce a prostitución no espazo público:

La delegada del Gobierno, Cristina Cifuentes, se comprometió ayer a mediar ante el Ayuntamiento de la capital para que modifique sus ordenanzas de cara a prohibir el ejercicio de la prostitución callejera en el entorno de zonas sensibles, como las frecuentadas por menores y áreas residenciales (...) hizo hincapié en que también es preciso luchar contra las mafias organizadas de trata de blancas. (M. J. Á 2012, *ABC* 13/3)

A construción da prostituta como Outra, ao modo de estereotipo plano, reforzase cunha abordaxe xornalística fundamentalmente informativa (no 72,2% das unidades redaccionais en *El País* e o 82,5%, no caso de *El País*) e centrada no eido dos sucesos (marco presente no 34,3% en *El País* e no 38% en *ABC*) e da crónica xudicial (no 23,7%, en *ABC* e no 14,8% en *El País*). As fontes son, así mesmo, maioritariamente intitucionais (gubernamentais, políticas ou policiais): o 45% do total de fontes consultadas por *El País* e o 42% en *ABC*. Tal patrón da conta dun xornalismo superficial, que se afasta dunha abordaxe en profundidade, contextualizada e analítica.

6. Conclusións

Os medios constrúen as mulleres como as Outras, fronte ao protagonismo masculino dominante na maioría das informacións, e así o

observamos nos medios, galegos e estatais, analizados. As prostitutas son as Outras das Outras, canto que a condición de inmigrantes de moitas delas e o feito de procederem de estratos empobrecidos reforzan as diferencias de xénero con diferencias de clase, de orixe étnica, racial e/ou nacional. A esta triple discriminación únese a marca do estigma, tal e como puidemos ver na ampliación do estudo sobre a representación da prostitución nos medios galegos aos medios estatais. Se, no estudio inicial, sobre os medios galegos puidemos contactar a cobertura da información sobre prostitución en relación co mundo do delito, cun tratamento xornalístico pouco elaborado, incapaz de transmitir os múltiples matices dunha realidade complexa, no traslado deste investigación a dous dos principais medios estatais puidemos constatar como todos estes factores contribúen ao reforzo dos estigmas.

O estigma asenta, no mediático, en diferentes paires: a ligazón da prostitución co mundo do delito; a presentación da prostituta como transmisora de enfermidades; a identificación da prostitución con vicio ou con degradación moral, urbana e cívica e a representación da prostituta como vítima, en especial, como a vítima perfecta, sen vontade propia e cuxa única

posibilidade de redención, nun discurso subliminal, semella estar no feito de seren absolutamente enganadas ou non teren outras saídas vitais.

A construción do estigma da prostituta como a Outra aparece modulado, porén, en función da liña ideolóxica do medio. O estigma da prostitución como vicio, transmisora de enfermidades ou degradación moral, urbana e cívica está presente fundamentalmente no discurso do *ABC*. Porén, nos últimos anos, os dous medios estatais analizados, *El País* e *ABC*, confluirán na construción do estigma da prostituta como ‘vítima’, esa vítima perfecta, sen fisuras, sen capacidade de axencia e decisión.

O tratamento fundamentalmente informativo e centrado nos sucesos e/ou na abordaxe da prostitución como trata e tráfico, presente tanto nos medios galegos como nos estatais, reafirma os estereotipos, as imaxes simplificadas ao redor da prostitución e da prostituta, e o estigma. Falta un tratamento xornalístico en profundidade, cun abano de fontes máis amplo, tanto no ideolóxico como na súa profesionalidade ou especialización, alén das maioritarias fontes oficiais. Porque ambos, estigma e superficialidade informativa, van unidos da man.

7. Referencias bibliográficas

- Aierbe, Peio (2003): “Inmigración: Los medios de comunicación, creadores de opinión pública”, *Pensamiento Crítico* (<http://www.pensamientocritico.org/peiaie1103.htm>).
- Álvarez Pousa, Luís; Olga Castro Vázquez, Iván Cuevas Domínguez e Ana Belén Puñal Rama (2010): *A representación da prostitución nos medios de comunicación galegos*. Proxecto de investigación. Santiago de Compostela: Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia (http://xornalistas.gal/web/uploads/materiais_biblioteca_adxuntos/adxunto/85e/54d0a74061-prostitucion-medios-informe-1.pdf).
- Barra, Alfonso (1987): “La Justicia británica permite a las prostitutas pagar multas con sentadas en los juzgados”, *ABC* (Madrid) 18/1/1987.
- Casado Neira, David e Silvia Pérez Freire (2015): “Sexo, masculinidades y las vías expiatorias. Las mujeres en contexto de prostitución en los medios: Las miradas de las ONG”, *Revista Internacional de Comunicación y desarrollo* 1/2, pp. 25-40 (<http://dx.doi.org/10.15304/ricd.1.2.2650>).
- Castagnani, Tiziana e César Colorado (2009): “La representación de la mujer inmigrante en la prensa escrita española. Análisis del discurso citado en textos periodísticos”, *Discurso y Sociedad* 3, pp. 621-657 (<http://www.dissoc.org/ediciones/v03n04/DS3%284%29Castagnani&Colorado.html>).
- CIDACOM (2007): *O tratamento da violencia de xénero nos medios galegos*. Traballo de investigación inédito (<http://igualdade.xunta.es/es/node/410>).
- (2008): *Análise lonxitudinal da violencia de xénero nos medios de Comunicación galegos*. Traballo de investigación inédito.
- Doezema, Jo (2000): “Loose women or lost women? The re-emergence of the myth of white slavery in contemporary discourses of trafficking in women”, *Gender Issues* 18/1, pp. 23-50 (<http://www.walnet.org/csis/papers/doezema-loose.html>).
- Fong, Ting; Eleanor Anne Holroyd e William C. W. Wong (2013): “Dangerous women of Hong Kong? Media construction of stigma in female sex workers”, *Journal of Behavioral Health* 2/1, pp. 59-65 (<http://www.scopemed.org/?mno=19669>).

- Goffman, Erving (1963): *Stigma. Notes on the management of spoiled identity*. New York: Simon and Schuster.
- González, Benigno (1977): “La prostitución está ante nosotros”, *ABC* (Madrid) 21/5/1977.
- Hidalgo, Carlos (2012): “La «Brigada Negra» obligaba a dos menores a prostituirse por 20 euros”, *ABC* (Madrid) 23/07/2012.
- Janzen, Caitlin *et al.* (2013): “Nothing Short of a Horror Show: Triggering Abjection of Street Workers in Western Canadian Newspapers”, *Hypatia* 28/1, pp. 142-162
- Kivikuru, Ullamaija (2000): *Imágenes de las mujeres en los medios de comunicación. Líneas actuales de investigación*. Madrid: Instituto de la Mujer.
- Massanet Ripoll, Erika e Carolina Ripoll Arcacia (2008): “La representación de la mujer inmigrante en la prensa nacional”, *Papers. Revista de Sociologia* 89, pp. 169-185 (<http://ddd.uab.cat/pub/papers/02102862n89p169.pdf>).
- M. J. Á. (2012): “Proyecto para eliminar la prostitución en zonas infantiles”, *ABC* (Madrid) 13/3/2012.
- Moreno, Ricardo (1987): “Fracasa la campaña para prevenir el SIDA entre las prostitutas suecas”, *El País* (Madrid) 3/8/1987.
- Moreno Sardá, Amparo (1998): *La mirada informativa*. Bosch: Barcelona.
- Pérez Wolfram, Clara (2003). “Las inmigrantes en la prensa: víctimas sin proyecto migratorio”, *Mugak* 24 (<http://revista.mugak.eu/articulos/show/260>).
- Pitman, Beverley A. (2002): “Re-mediating the spaces of reality television: America’s Most Wanted and the case of Vancouver’s missing women”, *Environment and Planning A* 34/1, pp. 167-184 (<http://www.envplan.com/abstract.cgi?id=a34134>).
- Puñal Rama, Ana Belén (2015): *Presença e ausencia das mulleres na prensa. Análise do tratamento da prostitución en El País e ABC*. Tese de doutoramento inédita. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela (<http://dspace.usc.es/handle/10347/13376>).
- [s.n.] (1977): “Ulla, la prostituta”, *El País* (Madrid), 27/2/1977.
- [s.n.] (1987): “Rafael Nájera”, *ABC* (Madrid), 17/4/1987.
- [s.n.] (2007): “Liberada en Almería una joven secuestrada en Rumanía y obligada a ejercer la prostitución”, *ABC* (Madrid) 15/7/2007.
- Soderlund, Gretchen (2002): “Covering urban vice: the New York Times, «white slavery,» and the construction of journalistic knowledge”, *Critical Studies in Media Communication* 19/4, pp. 438-460.
- Stauter-Halsted, Keely (2009): “Moral Panic and the Prostitute in Partitioned Poland”, *Slavic Review* 68/3, pp. 557-581.
- Stenvoll, Dag (2002): “From Russia with love? Newspaper coverage of cross-border prostitution in Northern Norway, 1990-2000”, *Journal of Women’s Studies* 9, pp. 143-162.